



Esta aliñación pode variar en cada enfrontamento, podendo aliñar calquera combinación de 4 xogadores dentro da lista presentada.

Os catro xogadores ou xogadoras respetarán en todo momento o orde de forza entregado na inscrición, sendo este válido durante toda a competición. Este orde de forza consiste nunha lista numerada e ordenada de xogadores e xogadoras e indica en que taboleiro se sentará cada un ou cada unha fronte aos seus rivais.

O orde de forza non debe alterarse en ningún momento, dado que ante calquera incidencia están previstos un mínimo de dous suplentes. Non se admitirá ningún retraso nin aprazamento por non estar presentes na sala de xogo no momento de presentarse a incidencia que motive a súa intervención.

O equipo que non logre aliñar 4 persoas, quedará automaticamente eliminado, sendo proposto para sanción por parte do comité de competición da FEGAXA.

## 9.- INSCRICIÓN:

**COTA:** 15,00 €/equipo

### LUGAR E PRAZO:

Participación limitada a 40 equipos.

A través dos clubs na Federación Galega de Xadrez **enviando, obrigatoriamente, o anexo 1 correctamente cumplimentado e en formato editable (excell ou Libre Office) ao e-mail: [fegaxa@fegaxa.org](mailto:fegaxa@fegaxa.org)** presentando a orde de forza definitiva de cada equipo.

Ata o día **11 de Maio de 2026 (incluído)**. Non se admitirán inscricións pasada esa data.

**Banco Sabadell IBAN: ES71 0081 2281 9100 0112 0013**

Se houbera máis de 40 equipos inscritos, a prioridade sería:

- Primer equipo de cada club inscrito.
- As prazas vacantes cubriranse cós seguintes equipos (según a prioridade notificada) daqueles clubs que tiñan máis equipos federados na tempada 2025.

## 10.- PREMIOS:

Posto	Premios	
1º	Trofeo	Premio 200 €*
2º	Trofeo	Premio 150 €*
3º	Trofeo	Premio 100 €*
4º	Trofeo	Premio 100 €*
5º	Trofeo	Premio 100 €*

(\*) Apricaranse as retencións legais

Vigo, a 27 de Abril de 2026.



## CESIÓN DE DEREITOS DE IMAXE

**Aceptación:** os delegados de cada club e os xogadores inscritos, autorizan á organización do campionato á difusión de información ou á utilización de imaxes ou do nome do equipo e os dos seus xogadores nos medios de comunicación, **retransmisións** ou en publicidades e memorias da competición, sempre que non representen menoscabo da súa honra ou reputación, ou que sexa contraria aos seus intereses, e sempre dentro do marco legal que se fixa no Código Civil, na Lei de Enxuízamento Civil e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

**Cesión de dereitos de imaxe:** A inscrición a este torneo implica a aceptación das bases do mesmo así como autoriza de forma expresa e voluntaria á ORGANIZACIÓN, a empregar gratuitamente os vídeos, imaxes e/ou audios nos que este interveña -incluso aqueles facilitados polo mesmo coa finalidade de:

Publicar na páxina web así como en calquera das redes sociais das que forme parte ou outra publicación impresa e/ou dixital co fin de dar unha maior visibilidade e/ou difusión á actividade da Organización.

Dita autorización refírese á totalidade dos usos que poidan ter os vídeos, imaxes e/ou audios nos que apareza, empregando os medios técnicos coñecidos na actualidade e os que poideran desenvolverse no futuro, e para calquer aplicación. Todo elo coa única salvedade e limitación de aquelas utilizacións ou aplicacións que puidieran atentar ao dereito ao honor nos termos previstos na Lei Orgánica 1/1982, de 5 de maio, de protección civil ao dereito ao honor, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

A autorización non fixa ningún límite de tempo para a súa concesión nin para a explotación nas que apareza, polo que a autorización considérase concedida por un prazo de tempo ilimitado.